



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



Comunicado nº 214/17  
6 de outubro de 2017

#### □ ANTEPROXECTO 13º VOLANTE F.G.A.-PXP 2018.

En aras de crear máis competitividade e ampliar ao maior número de pilotos que teñan opcións á “**BECA PXP 2018**” estase a elaborar unha nova regulamentación para o **13º VOLANTE F.G.A.-PXP 2018**. Sempre a “Federación Galega de Automobilismo” apoiou **ao deporte de base**, e aplicouse a máxima de que **da cantidade sae a calidade**, e por ilo partimos das seguintes propostas:

#### 13º VOLANTE F.G.A.-PXP 18.

- 1.- Designarase un comité técnico de tres persoas para facer un seguimento escrupuloso e estrito das verificacións dos vehículos en tódalas probas, antes, durante, e despois.
- 2.- Os vehículos actuais do 12º VOLANTE FGA mudan e serán admitidos na 9ª COPA TOP TEN PIRELLI-CASTROL 2018.
- 3.- O VOLANTE F.G.A.-PXP 2018 basearase no abaratamento, igualdade de oportunidades, idade máxima de participación 28 anos, regulamento técnico dos vehículos restrictivo, e bos premios en metálico por proba (ó igual que no Volante 2017, e o premio final da beca PXP 19 ó igual que a PXP 18).
- 4.- Publicarase un regulamento técnico dos vehículos no que as diferencias mecánicas van a ser moi pequenas e igualitarias.
- 5.- Mecánicas de estricta serie, centralitas de serie, amortiguadores con prohibición de botellas externas, caixas de cambio de serie, prohibición de autolocantes, prohibición participación de vehículos que non teñan a súa xestión a través da centralita de serie, cilindrada máxima de 1.600 c.c., prohibición de instalación-substitución de luas ou cristais por policarbonatos, cadro e instrumentación de orixe, autorización desmontaxe moquetas e tapizados (substitución), cadro do salpicadero de reloxs de orixe, etc.
- 6.- Coidarase a imaxe do 13º Volante F.G.A.-PXP 18, recibirán unha charla antes da primeira proba para facer primordial o “fair play”.
- 7.- A Federación Galega de Automobilismo, durante o transcurso da tempada, fará cursos de formación, para pilotos e copilotos, subvencionados, para correxir defectos e facer e igualar aos equipos o máis posible.
- 8.- O obxectivo é mellorar a accesibilidade ó 13º Volante-PXP 18, á beca final, cunha importante redución dos custes e accesibilidade.
- 9.- **Vehículos admitidos:** Vehículos con motor atmosférico de ata 1.600 c.c., que terán que solicitar á Federación a aceptación do vehículo, para o que se lle expida un pasaporte ó efecto de admisión-inclusión. **Exemplos:** Citroën Saxo (8v e 16v), Citroën C2 GT, Peugeot 206, Peugeot 106, Opel Corsa (8v e 16V), Ford Fiesta, Suzuki Swift, VW Polo, Seat Ibiza, Toyota Yaris (antigo e novo modelo), Ford FOCUS, Renault Clio (8v e 16v), Hyndai Accent, Nissan Micra, Skoda Fabia, Honda Civic, Opel Astra, Fiat Punto, Dacia Logan, Citroën C3 DS3, Renault Megane, Lada, Volvo C30, etc.
- 10.- **Preparación admitida:**
  - Motor:** de estricta serie.
  - Escape:** colectores e liña de escape libre.
  - Electrónica:** Centralita de estricta serie do fabricante. Terase que enviar á Federación para comprobar e precintar, antes da participación da primeira proba na que se desexe competir.
  - Caixa de Cambio:** de estricta serie do fabricante e precintada. Prohibense caixas secuenciais, dentes rectos, crabots, e admítense relación e grupo libre.
  - Autolocante:** prohibido.
  - Suspensión:** prohibidos amortiguadores con botella separada, o resto é libre.
  - Freos:** os freos terán unha dimensión máxima de 266 mm., e as pinzas de freo son libres pero coa limitación dos mesmos bombis que os de serie.
  - Carrocería:** queda prohibida a substitución dos elementos da carrocería orixinal por outros de fibra, carbono, kevlar, etc. (portas, capots, aletas, etc.). Tamén está prohibida a substitución de ventanillas, e lua traseira, tendo que mantelos orixinais (cristais), e nunca instalación policarbonatos.

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO  
DAS FORMULAS DE PROMOCIÓN DA F.G.A.

